

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de outubro de 2021
Duración	Desde as 20:38 ata as 21:20 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ





	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^{re} DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE AGOSTO DE 2021

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de agosto de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 19 DE AGOSTO DE 2021

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 19 de agosto de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE SETEMBRO DE 2021

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de setembro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr.





Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 16 DE SETEMBRO DE 2021

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 2736/2021. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020

Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Para explicar este asunto, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comenza dicindo que, despois de da aprobación inicial da Conta Xeral do Orzamento 2020, expúxose publicamente aos efectos alegacións ou suxestións, sen que se producira ningunha, polo tanto procede a súa aprobación definitiva.

Considera importante sinalar que os datos máis relevantes desta Conta Xeral son que cumpre os requisitos básico esixidos, en concreto co equilibrio financeiro, estabilidade orzamentaria e a regra do gasto; así mesmo obtívose un resultado positivo na liquidación orzamentaria. Por outra banda, di que, sendo a previsión inicial de 12.804.000,00 €, finalmente a previsión definitiva estableceuse en 27.502.000,00 €, é dicir, un incremento de case 14.700.000,00 €, dos cales a maioría son inversións reais e que, finalmente, establecéronse en 13.656.000,00 €, poñendo de manifesto a capacidade deste grupo de goberno para obter recursos extraorzamentarios. En canto ás xeracións de crédito para inversións, pódese sinalar 6.800.000,00 € para a renovación do alumado e sinalización exterior, 2.370.000,00 € da EDUSI, 1.600.000,00 € de actuacións sobre vías municipais, etc

No que respecta ao remanente de crédito, este superou os 13.000.000,00 €, e o remanente de tesourería, para gastos xerais, 4.279.000,00 €; todo isto sen incremento de taxas e impostos. O incremento patrimonial neto foi de 3.800.000,00 €, tendo unha liquidez a fin de ano de máis de cinco millóns e medio de euros, todo isto cunha porcentaxe de endebedamento dos máis baixos dos concellos de Galicia, establecido en 150,85 €.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir que o resultado económico do ano 2020, a pesares de que foi positivo, ofrece datos negativos para a nosa veciñanza, por iso quere lembrar que neste ano o goberno central permitiulle aos concellos escapar un pouco do cepo económico no que están as administracións locais, o que se traduce nun ano que cumpría loitar para paliar os efectos económicos e sociais da crise provocada pola COVID-19; sen embargo, parece que o grupo de goberno do Concello de A Estrada non optou por esa vía, incluso reduciron gastos en determinadas partidas. Polo dito, observa que o grupo de goberno arroxa resultados positivos a nivel económico pero o balance para a cidadanía



estradense é manifestamente negativo porque todos eses cartos que se atopan nas arcas municipais non están gastados na prestación de servizos nin na nova inversión, ademais, lamenta que neste concello existan varias cuestións que se deben atender de forma prioritaria, tales como a rede viaria e o servizo de axuda no fogar, etc.

Continúa criticando ao grupo de goberno pola súa incapacidade de elaborar un orzamento en tempo e forma, facendo un parche sobre o orzamento do ano anterior e incrementándoo en catorce millóns, sinal de que a previsión inicial estaba moi desviada e non reflexaba a realidade do noso concello nese ano, lembrando que, en determinadas cifras, temos que cinguirnos ao criterio da realidade e ao final si figuran na contabilidade, como é o caso de 13.000.000,00 € en investimentos, pero oito millóns deses trece correspondente a unha subvención da IDAE que está aínda sen executar; ante isto aconsella que se deben poñer os datos en contexto e non dalos friamente só por favorecer saír ben na foto.

Di, con respecto a ese parche sobre o orzamento do ano 2019 obxecto desta Conta Xeral de 2020, non é reflexo das grandes promesas feitas polo grupo de goberno, por exemplo eses catro millóns de euros que ían a mobilizar nos seis meses seguintes, tampouco se ve a man da Universidade de Santiago de Compostela e do seu informe para ver como se gastaría esa cantidade, imaxinando que o grupo de goberno é sabedor do informe emitido por control interno e que deixa claro o funcionamento desta casa, difícil de levar.

Finalmente, traslada que o seu grupo absterase na votación para non obstaculizar a tramitación da Conta Xeral, pero deixando claro non estar a favor da mesma polo dito anteriormente.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que, a pesares de que esta Conta Xeral cumpre coas pautas legais establecidas, non o fai coa necesidade de mellorar os servizos e as infraestruturas municipais, pero isto sería un debate máis dos Orzamentos que de agora, onde estamos a tratar onde se gastan e gastaron os cartos públicos e, a este respecto, está a ver que non se gastan para mellorar as necesidades da cidadanía, ademais de non cumprir coa Lei de Contratos do Sector Público, así se reflexa nos informes emitidos pola Intervención municipal formulando reparos suspensivos a moitos dos gastos. Polo manifestado di que o seu grupo absterase na votación pola necesidade e obriga de render contas, pero non quere amparar o reflexo duns gastos que poderían ser mellorables.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, dicindo que é evidente que sobran cartos e hai aforros cando un concello non fai os investimentos que realmente necesita, pero isto faise a costa de non ofrecer á nosa veciñanza uns correctos servizos básicos, e que afectan ao rural e ao servizo social. Así mesmo, sumándose ao dito pola voceira de MOVETE, sempre que se presentan os orzamentos estes veñen acompañados de informes con reparos da Intervención municipal e que non serían necesarios se as cousas se fixeran ben.

Finalmente, traslada a abstención na votación do seu grupo por non querer ser un atranco na tramitación da Conta Xeral 2020, pero deixando constancia a non conformidade cos datos que reflexa, resultado da xestión do grupo de goberno.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:





Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 04/10/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o ditame favorable da Conta Xeral do Orzamento de 2020 emitido pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas o 19 de agosto de 2021.

Transcorrido o período legal de exposición pública anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 163 do 25/08/2021, sen presentarse nese tempo alegación ou suxestión ningunha sobre a dita conta, segundo a certificación de Secretaría que se acompaña, asinada con data do 28 de setembro de 2021.

Visto o debatido nesta sesión e de conformidade co disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

Adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2020.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos municipais quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo continúase co desenvolvemento normal da orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 4559/2021. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE RESUME ANUAL DO CONTROL INTERNO 2020 E DOS ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS PRESENTADOS AO CONSELLO DE CONTAS 2020

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 04/10/2021 para a dación en conta ao Pleno do Informe resumo anual do control interno 2020 e da relación de acordos contrarios aos reparos presentados ao Consello de Contas relativos ao exercicio económico 2020.

Visto que, con data 3 de outubro de 2021, foi remitido á Alcaldía-Presidencia pola Intervención municipal o resultado do Informe resumo anual do control interno 2020, e a relación de acordos contrarios aos reparos do exercicio económico 2020 presentados ante o Consello de Contas.

Unha vez analizado por esta Alcaldía-Presidencia a dita documentación e, en virtude do establecido no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local,

DÁSE CONTA:

Primeiro.- Do Informe resumo anual do control interno 2020, rexistrado na IGAE o día 3 de outubro de 2021, con número de referencia INF-L01360176-2020-005973.

Segundo.- Da relación de acordos contrarios aos reparos formulados pola Intervención municipal no exercicio 2020, remitidos ao Consello de Contas o día 21





de setembro de 2021, con número de rexistro 2021-E-RC-1372.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE AGOSTO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de agosto de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0986 ao número 2021-1043 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2021

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 30 de setembro de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-1044 ao número 2021-1177 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Empeza a quenda o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, preguntando, en primeiro lugar, se se ten pensando resolver o recurso presentado á RPT por COSIGAL, xa que pensa que xa pasou o prazo para dar contestación ao mesmo, ou ben dalo por desestimado por silencio administrativo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que a resolución do dito recurso segue o seu curso, estando á espera que pronto chegará unha resolución de execución de sentenza e, polo tanto, aclarar calquera dúbida que poida haber en relación a este tema. Di que non se pode perder a perspectiva de que a aprobación da RPT ven derivada dunha sentenza, estando na actualidade na fase de execución e, por esta razón, quen ten que controlar e fiscalizar os pasos a dar polo Concello é a propia xuíza. Espera que nas vindeiras semanas se teñan noticia ao respecto e así aclarar o escenario que temos e nos permita continuar cos acordos acadados cos distintos sindicatos e poder pechar este asunto.

O **Sr. López Bueno** pregunta, en relación á renuncia presentada pola Sra. Yebra Rovira ao exercicio do posto de Tesoureira accidental, se se está a xestionar a ocupación de dito posto.

O **Sr. Alcalde** responde que xa hai unha solución e que se saberá nos vindeiros días.

O **Sr. López Bueno**, pregunta se neste momento estamos sen Tesoureira/o.



Contesta o **Sr. Alcalde** que neste momento se está a valorar unha alternativa, supoñendo que mañá xa se teña unha solución.

O **Sr. López Bueno**, prega que se proceda á toma de medidas preventivas con respecto a unha árbore en perigo de caer sita no entorno do local social de Tabeirós.

Pide, así mesmo, celeridade na tramitación dos múltiples expedientes de responsabilidade patrimonial, xa que é sabedor de que hai moitos atrasados, e as persoas que sufriron danos polo mal funcionamento dos servizos municipais non teñen que esperar tanto para percibir as indemnizacións que correspondan.

En relación co compromiso adquirido polo Concello de arranxar unha fonte sita na estrada provincial de Riobó, informa que aínda está no mesmo estado, polo que prega que se proceda ao seu arranxo e acondicionamento.

Insiste no rogo xa feito na sesión pasada, de que se proceda ao pagamento da subvención nominativa recoñecida a favor da ACOE.

Dirixíndose ao Concelleiro delegado do Rural, pregunta como avanza o proxecto de sinalización nas parroquias.

O **Sr. Alcalde** lle contesta a esta última pregunta de que estamos a falar dun proxecto valorado en preto de 800.000,00 euros e, debido situación de urxencia de mellorar a rede viaria municipal, obríganos a utilizar todos os recursos a empregarlos en proxectos de pavimentación; polo tanto, cando se teña a posibilidade de encadrar nalgún proxecto a anterior actuación por suposto que se acometerá en unha ou dúas fases.

Por último e para rematar, o **Sr. López Bueno** pide urxencia á hora de proceder á retirada dun vertedoiro de voluminosos existentes na parroquia de Pardemarín, do que sabe que xa se ten constancia no Concello.

O **Sr. Alcalde** informa que durante estas semanas se están a facer recollidas de voluminosos de porta en porta, segundo as solicitudes presentadas polas persoas interesadas.

O **Sr. López Bueno** vai a falar coa persoa que lle trasladou esa incidencia para que se poña en contacto co Concello.

Neste momento interrompe a Concelleira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao Vieites**, para pedir que sexa retirado un “water” improvisado na vía pública e preto do Colexio de Lourdes. Tamén prega que se arranxe o camiño onde está sita a empresa IMBANOR, no Alto da Cruz, porque aínda que foi bacheada fai uns días, despois das choivas volve a estar en mal estado.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para reiterar novamente a petición de que se proceda ao repintado dos pasos de peóns e demais sinalización horizontal do casco urbano, ante o perigo de posibles accidentes e danos aos viandantes, sen esquecer a imaxe decadente do noso concello. Así mesmo, traslada unha preocupación veciñal e que é o tema dos desbroces das parcelas tanto públicas como privadas, tema que considera que se debe de solucionar coa maior axilidade.

Ante o anuncio na prensa sobre que se vai a dotar á actual residencia pública de maiores cos mellores avances tecnolóxicos para convertela nunha residencia intelixente pioneira en Galicia, di que lle parece moi ben e que é unha noticia fantástica, sen embargo quere trasladar que esta residencia conta con moitas carencias, tales como o reducido tamaño das súas habitacións, o difícil acceso aos cartos de baño con cadeiras de rodas, etc., moitas deficiencias que impiden tratar adecuadamente ás persoas maiores que nela residen; estas deficiencias lle son transmitidas polo persoal traballador dese servizo. Polo dito, pregunta se as



melloras nomeadas están incluídas dentro dese proxecto anunciado e, en caso de non estar, considera que deberíase pregar á Xunta de Galicia para que actúe co fin de eliminar esas barreiras.

O **Sr. Alcalde** lle contesta, en relación ao repintado da sinalización horizontal do casco urbano, que unha vez se remate coas obras do proxecto de asfaltado de vías urbanas se procederá ao dito repintado, informando que este proxecto xa está adjudicado e, nalgunhas das súas actuacións, conleva o pintado da sinalización horizontal; en canto as rúas principais, estase tamén pendente de acometer as obras que as converterán en zonas peonís, así que facer agora o repintado para que dentro de dous meses se fagan as obras, non é lóxico nin prudente.

En canto á residencia de maiores, presentouse un proxecto piloto a nivel nacional para poñer a tecnoloxía ao servizo do coidado das persoas maiores e que vai da man da empresa galega TELEVÉS e que suporá un avance moi importante á hora da asistencia médica a estas persoas e que, ademais, beneficiará aos seus familiares, os cales terán un vínculo directo de comunicación e interlocución cos seus maiores a través dunha APP que incorpora videoconferencia, entre outros. A pesares deste proxecto, se lle trasladou á Conselleira as carencias da residencia que afecta ao seu espazo interior, reforma do edificio e outros aspectos como o consumo enerxético, e, ao final, a Xunta lanza un proxecto de pouco máis de cincocentos mil euros para a reforma integral das habitacións e espazos comúns da residencia, así como para mellorar a eficiencia enerxética da mesma; aclara que non coñece este último proxecto, pero, consultados aos técnicos, pode dicir que resolverá a problemática existente na actualidade nesta edificación, sobre todo esa petición do persoal traballador para contar cun espazo propio destinado ao ocio das persoas maiores.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, quen comenza co rogo, en relación coa estrada provincial que vai dende o lugar de A Costa - Guimarei a Vinseiro, xa que fai pouco foi arranxada cunha capa moi grosa de asfalto e que tapa as cunetas, dificultando o tránsito de peóns, polo dito pide que se lle dea traslado á Deputación para que faga, nalgúns puntos, pasos para que as persoas poidan camiñar, ou outra opción que facilite o tránsito de peóns.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que farase esa petición por escrito á Deputación, xa que existen varias reclamacións que afectan a esa estrada, entra elas as relativas ao manifestado pola Sra. Camba.

A **Sra. Camba Castro**, con respecto á apertura recente das “sendas verdes”, pregunta se hai algún plan de mantemento e o seu custe. Informa, que hai unha zona en Figueroa que transcorre ao carón do río cuberta por mimosas e que necesita dunha constante limpeza debido á rapidez do seu crecemento.

Contesta o **Sr. Alcalde** que non existe un plan específico de mantemento, xa que estes traballos están incorporados dentro do calendario das labores de desbroces municipal, en caso de poder facerse por medios mecánicos, e, cando sexa necesario os traballos de limpeza manuais, haberá que planificarse coas brigadas, estando xa detectadas as zonas máis complexas, unha delas a que vai dende a Avda de Pontevedra á rúa da Cultura polo estado de abandono no que se atopa, por iso se lle trasladará aos propietarios das parcelas colindantes para que fagan labores de limpeza e mantemento das mesmas, de todos os xeitos, con respecto a esta senda, haberá que pensar nun posible expediente de expropiación para facerse con toda esa propiedade e xerar o día de mañá un gran pulmón nese entorno.



A **Sra. Camba Castro** pregunta se hai unha previsión de custos.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non existe un estudo específico do custo destes traballos, senón que están incluídos dentro da planificación das limpezas e desbroces.

A **Sra. Camba Castro** pregunta sobre se está valorando o estado das árbores dos xardíns municipais, para evitar que se produza algunha traxedia pola posible caída dalgunha delas.

Responde o **Sr. Alcalde** que tívose contacto coa persoa que fai os traballos de poda das ditas árbores, quen traslada a existencia de tres problemas:

- A palmeira está afectada polo picudo, a pesares do tratamento a que foi sometida, polo que posiblemente haberá que talala.
- Un dos plataneiros sito na estrada aos xardíns está seco, estándose pendente de que a empresa encargada da poda proceda a cortalo.
- Outro plataneiro sito na esquina dos xardíns coa rúa Irida tamén está pendente da súa tala.

En canto ao resto das árbores están en boas condicións.

Non habendo máis intervencións polas Concelleiras e Concelleiros asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

